

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

O escaravello rinoceronte

Despois de varios minutos abafado polo cheirume do conservante empezo a sentir un intenso mareo, e a consecuencia da miña inestabilidade corporal bato cunha vitrina, mais a sorte ponse da miña parte e só se abanea.

—Menos mal que non caeu!—exclama Laura amosando alarma—. Nese recuncho Alberte garda os restos das escavacións. Imaxina que rompese algunha peza, non quero nin pensalo!

De súpeto reparo nun becho de cor marrón vermella refulxente, que me apunta cun curioso corno a xeito de garfo.

—Vaia, que becho tan estraño! —exclamo en voz alta.

Laura, sabordando sabedoría, supoño que para impresionarme outra vez, explícame:

—É un coleóptero, gústache?

Non teño máis remedio que admitir que esperta o meu interese, pois se ben non é a primeira vez que no libro de ciencias ou nos documentais da tele, vin animais con cornos, dende cabras e cervos ata touros ou rinocerontes, o certo é que endexamais reparei nun escaravello como aquel.

—Tróuxoo Lola dunha das súas viaxes —continúa Laura—. Lémbrame á vacaloura, pero cun só corno. Chámase escaravello rinoceronte.

—Escaravello rinoceronte? Que nome tan curioso! —exclamo, notando que a miña percepción dos seres en miniatura comeza a mudar.

—É polo corno retorcido que ten diante, ves? Semella ao dos rinocerontes.

Asinto, constatando a existencia do corno.

—E este exemplar é macho ou femia? —sorpréndome preguntándolle, quizais para poñer a Laura nun apuro e cortarlle a fachenda. Mais para a miña sorpresa responde con moita seguridade:

—Coido que as femias non dispoñen dun corno tan feito, ou mesmo carece del.

—E ti como sabes tanto dos escaravellos?

—Porque Lola adoita falar moito da súa colección.

Contoume que son orixinarios de Europa, África e Asia, que abundan máis do que cremos, e que en realidade son inofensivos para a agricultura, en contra do que algúns adoitan pensar, porque se alimentan de madeira descomposta. Na enciclopedia atopei unha foto que se parece moito a este becho, e na internet hai unha chea de información sobre eles. A miña curiosidade non ten límites.

—É enorme! Este debe de medir cando menos cinco centímetros.

—Mira, na etiqueta marca tres, pero non creas, hainos de maior tamaño. Diso sabe Lola dabondo. Xa verás, en canto volva de Exipto lle pediremos que nos conte algunha lenda sobre escaravellos. Vas alucinar!

—Sería estupendo.

—Xa vexo que empeza a proerche o verme da curiosidade! A min pasoume o mesmo unha vez que traspasei a porta da casopa.

Decátome de que os novos acontecementos minoraron en gran medida as miñas náuseas e o desexo de abandonar canto antes o lugar. Mántémonos un chisco en silencio, contemplando as vitrinas e os seus poboadores. Observo andeis ateigados de animais pequenos desecados: bolboretas, abellas, abellóns, avespas, moscas, saltóns, cascudas e outros seres que non sabería nomear. Nunha vitrina descansan restos de pedras con insectos incrustados, ánforas pintadas con motivos florais, pequenas xoias engarzadas con xemas de cores vistosas e opacas... En fin, un mundo máxico e milenario gardado baixo chave.

Centro a miña atención sobre un escaravello rinoceronte, que non sendo o único atractivo do andel que ocupa, por algunha razón inexplicable, resúltame o máis suxerinte, quizais polo verniz encarnado do seu corpo, ou mesmo polo corno misterioso. Lura decátase do meu interese e aproveita para levarme ao seu terreo.

—Queres saber o nome de pía dese escaravello?

—Un escaravello con nome de pía?

—Se o pensas ben non é tan raro, porque a case todos os animais de compañía se lles pon nome —di quitándolle importancia ao asunto, mais poño en cuestión se aquelas momias poden considerarse animais de compañía. (...)

—O certo é que non todos os bechos do andel, ademais do seu nome científico, posúen outro de confianza. O que pasa é que Lola tivo esa ocorrencia... Chámase Leirachá.

—Leirachá? —espétolle estrañado—. Que clase de nome é ese?

—Púxollo en homenaxe ao conde de Leirachá, o antigo propietario do pazo. (...) Xúroche que tiña un nariz a xeito de garfo igual que o corno do escaravello rinoceronte. (...)

An ALFAYA
A ánfora exipcia
Tambre

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

1. Contesta as seguintes preguntas.

- Quen son os protagonistas do relato?

Un rapaz e Laura.

- Onde transcorre?

Nunha casopa.

- Cal é o animal que lle chama a atención ao rapaz?

O escaravello rinoceronte

- A quen pertence a colección de bechos?

A Lola

2. Di se as seguintes afirmacións son verdadeiras ou falsas.

- O becho era un escaravello elefante. _____ Falsa

- Laura non sabía nada de bechos. _____ Falsa

- Na etiqueta do escaravello a súa medida eran tres centímetros.

_____ Verdadeira

- Os animais estaban gardados en caixas. _____ Falsa

- O escaravello rinoceronte era orixinario de Europa, África e Asia.

_____ Verdadeira

- Lola puxéralle nome ao escaravello. _____ Verdadeira

- O nome era Locecornio. _____ Falsa

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: __ Data: _____

Comprensión lectora

3. Agora transforma as afirmacións falsas anteriores en verdadeiras.

O becho era un escaravello rinoceronte; Laura sabía moito de bechos;
Os animais estaban gardados en vitrinas; O nome era Leirachá.

4. Contesta.

- Que significa a expresión «nome de pía»?
É o nome que se lle pon a alguén cando nace.
 - Cal é o teu nome de pía?
Resposta libre.
 - Adoitan ter os insectos nome de pía?
Non
-

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Coñecemento da lingua

5. Completa a seguinte táboa con palabras do mesmo campo semántico.

Roupa	Saúde	Sentimentos	Deportes
Xerseí	Médico	Tristura	Fútbol
Camisa	Enfermeiro	Alegría	Baloncesto
Calcetíns	Xiringa	Amor	Balonmán
Pantalóns	Menciña	Confianza	Balonvolea
Zapatos	Hospital	Noxo	Golf
Camiseta	Celador	Compañón	Ciclismo
Deportivas	Ambulatorio	Medo	Atletismo

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Literatura

6. Le o poema seguinte e contesta.

Non canta na Chá ninguén,
por iso o meu carro canta,
canta o seu eixo tan ben
que a señoardade espanta.

Non hai canto tan fermoso:
fino como un asubío,
aunque é, ás vegadas, saudoso,
faise no aire rechouchío.

O meu carro é cerna dura;
sábese carballo e freixo.
Que fermosa e a sua feitura!
Que lixeireza a do eixo!

As cousas vanse aledando
por onde meu carro pasa.
Carrétame herba pro gando!
Tráeme a colleita para casa!

Manuel María

- Quen é o protagonista do poema? **O carro.**
-

- De que trata o poema?

Das características do carro e do útil que é para as tarefas do campo.

Unidade 05. Describe unha mascota

Nome: _____ Curso: ___ Data: _____

Literatura

7. Relaciona cada poesía co tema correspondente.

Amor



Cando quero sorrir
digo Moraima.
Digo Moraima
cando a mañá é crara.
Digo Moraima
eponse a tarde mansa.
Cando quero morrer
non digo nada.
inverno...
E márame o silencio
de non decir Moraima.

Celso Emilio Ferreiro

Natureza



Social



Alma nacional e ardente
Canta anque che custe bágoas!
teus cantares son semente!
Ata que os ladróns enxorden,
entre as cantigas que bican
Pon as que feren e morden!
Está cativa a roseira
mais , despois de tanto
Galicia ha de ter primavera
Ramón Cabanillas

Río Langüelle, río Langüelle

Ben se ve que es de montaña,

Ouh! Feo fillo das brétemas

e das uces desleiradas.

Eduardo Pondal